



Expediente núm.:341/20024

Memoria Xustificativa do contrato de obra: Pista Tiquion e outras

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificadisimo

Artigo 159.6 da Lei 9/2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :

A finalidade da execución destas obras é a execución de obras encamiñadas á mellora da rede viaria existente no medio rural, facilitando así a accesibilidade e vertebración do territorio e contribuíndo ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redunda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado.

Obxecto do contrato. Contrato de obras **Pista Tiquión e outras** figurando no proxecto de obras o seguinte: .

- **Pista a Tiquion** Descrición: Lonxitude 950 m, ancho 3,50 m Procederáse á limpeza de gabias ambas marxes e a reparación da capa de rodaxe. Aplicarase un tratamento asfáltico superficial e rego de selado a toda a plataforma, previa reparación de baches e perfilado de mordentes ó 5% da superficie con pedra 32/63 mm e tratamento asfáltico semiprofundo e previa a ampliación da largura do camiño, en 50 cm a cada lado, a fin de mellorar a seguridade viaria. A ampliación realizarase con 15 cm de base de firme de pedra 32/63 con tratamento asfáltico semiprofundo, previa apertura de caixa e compactación e rega do plan de fundación. Completan as obras a colocación dun sinal de STOP.
- **Pista de Gradoi a Ponte** Descrición: Lonxitude 1.335 m, ancho 3,50 m



Procederáse á limpeza de gabias ambas marxes e a reparación da capa de rodaxe. Aplicarase un tratamento asfáltico superficial e rego de selado a toda a plataforma, previa reparación de baches e perfilado de mordentes ó 5% da superficie con pedra 32/63 mm e tratamento asfáltico semiprofundo. 4.2.3. Pista de Coto a Chao
Descrición: Lonxitude 435 m, ancho 3,50 m e un entronque de 60 m² Procederáse á limpeza de gabias ambas marxes e a reparación do camiño. Estenderase unha capa de zahorra de 20 cm de espesor a toda a plataforma, previa apertura de caixa e compactación e rega do plano de fundación. No entronque prevese a aplicación de triple tratamento asfáltico, previa extensión de 15 cm de base de pedra 32/63 mm e 5 cm de zahorra, coa correspondente apertura de caixa e compactación e rega do plano de fundación. Finalmente contéplase a instalación dun sinal de STOP

Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos

Están desenvolvidas no proxecto de obra, elaborado pola empresa Estudio Tecnico Gallego SA e asinada polo Enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro

Análise Económica. Valor Estimado

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE

Base imponible ...58.116,00

Importe IVE12.204,36

Total70.320,36

Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador, A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) no Plan de mellora de camiños para acceso a fincas agrícolas 2024-2025.

Confirmación do financiamento : Enviado a comunicacion de concesion de subvencion co rexistro de saída 910031 o día 07-05-2024



Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento. Criterios de adxudicación

Dado que a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 €, tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017 e dado que o seu valor estimado é inferior a 80.000,00 seguirase os tramites establecido no punto 6 do artigo 159 da LCSP .

A elección do procedemento ven xustificada pola necesidade de favorecer a axilización de trámites establecido no artigo 28 da LCSP , que a aplicación deste procedemento fomenta .

Os criterios de adxudicación que poden ser aplicables,

Fase única.criterios avaliados mediante formulas:

II.1. Oferta económica.

II.2.1.Criterios de estabilidade laboral e contratación de mulleres
Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.que serán valorados conforme formulas matemáticas recollidas no prego de condicións e porcentaxe de contratación de mulleres

Cualificación do contrato

Contrato de obra

- b. Análise de execución por lotes. De acordo co establecido no** artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é necesario xustificar o motivo que foi en base o informe técnico obrante no expediente no que se explica que dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico e provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- c. Duración .**O contrato ten unha duración de tres meses , segundo establece o informe técnico que se incorpore ao expediente .

As Somozas, documento asinado dixitalmente na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Juan Alonso Tembrás.



